

Xoves, 26 de maio de 2022

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL REDONDELA

Oferta de emprego público

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

ANUNCIO da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2022-1222, con data de 20/05/2022, pola que aprobou a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela, segundo o previsto no artigo 2 e nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. En cumprimento da citada resolución, procédese á publicación da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela, pola que se ofertan ás seguintes prazas:

-*QUENDA LIBRE*:

A) PERSOAL FUNCIONARIO, A TEMPO COMPLETO

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO	SISTEMA DE SELECCIÓN
1	TÉCNICO/A DE XESTIÓN	ADMÓN. XERAL	XESTIÓN	MEDIA	-	A2	CONCURSO-OPOSICIÓN

B) PERSOAL FUNCIONARIO, A TEMPO PARCIAL

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO	SISTEMA DE SELECCIÓN
1	AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMÓN. XERAL	AUXILIAR	-	-	C2	CONCURSO

C) PERSOAL LABORAL FIXO

PRAZAS	DENOMINACIÓN	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO	SISTEMA DE SELECCIÓN
1	OFICIAL CONDUTOR	OFICIAL	C2	CONCURSO-OPOSICIÓN



Xoves, 26 de maio de 2022

Núm. 100

D) PERSOAL LABORAL FIXO, A TEMPO PARCIAL

PRAZAS	DENOMINACIÓN	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO	SISTEMA DE SELECCIÓN
1	MESTRE/A DE PIANO (27 HORAS SEMANAIS)	MESTRE/A	A2	CONCURSO
1	MESTRE/A DE PIANO (20 HORAS SEMANAIS)	MESTRE/A	A2	CONCURSO
1	MESTRE/A DE PIANO (10 HORAS SEMANAIS)	MESTRE/A	A2	CONCURSO

O prazo máximo para a publicación das convocatorias dos procesos selectivos incluídos nesta oferta de emprego público será o 31 de decembro de 2022 nos termos establecidos no artigo 2.1, parágrafo segundo, da Lei 20/2021.

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben, directamente, o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, este se deberá resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes conforme a Dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:4R1OG0D9QL18DXC7

